

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	A Guía	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0931	Márketing dixital	2023/2024	0	187	0
MP0931_23	A rede social e o plan de márketing dixital	2023/2024	0	70	0
MP0931_33	Administración e política comercial no comercio dixital	2023/2024	0	60	0
MP0931_13	Comunicación dixital	2023/2024	0	57	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	CARLOS JIMÉNEZ QUINTAS,ROI DURÁN MEDRAÑO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0931_13) RA1 - Administra os accesos e as conexións a redes públicas, semipúblicas e privadas, utilizando navegadores e buscadores de información especializados na rede pública internet.
(MP0931_33) RA1 - Realiza a facturación electrónica e outras tarefas administrativas de xeito telemático, utilizando en cada caso software específico.
(MP0931_23) RA1 - Determina a estratexia que haxa que seguir nas relacións con outras persoas usuarias da rede, utilizando programas específicos, foros de comunicación e redes sociais de ámbito empresarial.
(MP0931_13) RA2 - Xestiona diversos servizos e protocolos de internet, manexando programas de correo electrónico, de transferencia de ficheiros, etc.
(MP0931_23) RA2 - Deseña o plan de márketing dixital no mercado en liña, definindo solucións estratéxicas mediante a posta en marcha de accións específicas de desenvolvemento da marca comercial.
(MP0931_33) RA2 - Define a política de comercio electrónico da empresa, establecendo as accións necesarias para efectuar vendas en liña.
(MP0931_13) RA3 - Constrúe páxinas web atractivas para as persoas usuarias de internet, utilizando criterios de posicionamento, manexo doado e persuasión.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0931_23) CA1.1 Utilizáronse programas web para manter charlas de texto.
(MP0931_13) CA1.1 Identificáronse os conceptos esenciais de funcionamento e uso da rede.
(MP0931_33) CA1.1 Identificáronse os formatos electrónicos de factura de maior ou menor complexidade (EDIFACT, XML, PDF, html, doc, xls, gif, jpeg, txt, etc.).
(MP0931_13) CA1.2 Avaliáronse os sistemas de conexión á rede.
(MP0931_23) CA1.3 Aplicáronse sistemas de comunicación oral que utilizan só son, ou imaxe e son.
(MP0931_13) CA1.3 Configurouse o acceso ao sistema informático na rede.

**Crterios de avaliación do currículo**

(MP0931\_13) CA1.5 Utilizáronse os principais programas navegadores para se mover pola rede.

(MP0931\_23) CA1.7 Xeráronse contidos audiovisuais e fotográficos da actividade, os produtos e os procesos comerciais.

(MP0931\_33) CA1.7 Identificáronse os programas prexudiciais para a seguridade e a integridade dos datos almacenados en equipamentos informáticos.

(MP0931\_33) CA1.8 Aplicáronse as barreiras de seguridade necesarias para salvagardar a información da empresa.

(MP0931\_23) CA2.1 Preparouse un plan de márketing dixital que permita alcanzar os obxectivos comerciais da empresa.

(MP0931\_13) CA2.1 Identificáronse os elementos que configuran o correo electrónico.

(MP0931\_33) CA2.1 Establecéronse os parámetros necesarios para crear ou adaptar un negocio en liña.

(MP0931\_23) CA2.2 Definíronse os procesos de posicionamento e márketing en liña.

(MP0931\_33) CA2.2 Definíronse accións de captación enfocadas ao comercio electrónico.

(MP0931\_23) CA2.3 Establecéronse as pautas que cumpra seguir para realizar a publicidade e a promoción en liña.

(MP0931\_33) CA2.3 Recoñecéronse os modelos de negocio existentes na rede.

(MP0931\_23) CA2.4 Identificáronse os elementos que configuran o márketing de buscadores.

(MP0931\_13) CA2.4 Identificouse o protocolo de rede para a transferencia de ficheiros (FTP) desde un equipamento cliente a un servidor.

(MP0931\_23) CA2.5 Avaliáronse os retos do márketing electrónico: confianza nos medios de pagamento, problemas loxísticos e seguridade.

(MP0931\_33) CA2.6 Identificáronse os aspectos xurídicos e de protección de datos no comercio electrónico.

(MP0931\_23) CA2.7 Identificáronse as novas tendencias de comunicación e relación coa clientela no márketing dixital.

(MP0931\_33) CA2.8 Seleccionáronse os sistemas de seguridade que garantan a privacidade e a invulnerabilidade das operacións.

(MP0931\_33) CA2.9 Identificáronse os tipos de negocios electrónicos existentes.

**Crterios de avaliación do currículo**

(MP0931\_13) CA3.1 Redactáronse as sentenzas máis utilizadas en linguaxe de etiquetas de hipertexto (HTML).

**2.2. Segunda parte da proba****2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan****Resultados de aprendizaxe do currículo**

(MP0931\_13) RA1 - Administra os accesos e as conexións a redes públicas, semipúblicas e privadas, utilizando navegadores e buscadores de información especializados na rede pública internet.

(MP0931\_33) RA1 - Realiza a facturación electrónica e outras tarefas administrativas de xeito telemático, utilizando en cada caso software específico.

(MP0931\_23) RA1 - Determina a estratexia que haxa que seguir nas relacións con outras persoas usuarias da rede, utilizando programas específicos, foros de comunicación e redes sociais de ámbito empresarial.

(MP0931\_13) RA2 - Xestiona diversos servizos e protocolos de internet, manexando programas de correo electrónico, de transferencia de ficheiros, etc.

(MP0931\_23) RA2 - Deseña o plan de márketing dixital no mercado en liña, definindo solucións estratéxicas mediante a posta en marcha de accións específicas de desenvolvemento da marca comercial.

(MP0931\_33) RA2 - Define a política de comercio electrónico da empresa, establecendo as accións necesarias para efectuar vendas en liña.

(MP0931\_13) RA3 - Constrúe páxinas web atractivas para as persoas usuarias de internet, utilizando criterios de posicionamento, manexo doado e persuasión.

**2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado****Crterios de avaliación do currículo**

(MP0931\_23) CA1.1 Utilizáronse programas web para manter charlas de texto.

(MP0931\_23) CA1.2 Utilizáronse programas de mensaxaría instantánea.

**Cráterios de avaliación do currículo**

(MP0931\_33) CA1.2 Estableceuse a transmisión telemática entre computadores.

(MP0931\_23) CA1.3 Aplicáronse sistemas de comunicación oral que utilizan só son, ou imaxe e son.

(MP0931\_33) CA1.3 Garantiuse a integridade e a autenticidade das transmisións telemáticas a través dunha sinatura electrónica recoñecida.

(MP0931\_23) CA1.4 Establecéronse contactos con outras persoas usuarias da rede a través de foros de debate e opinión.

(MP0931\_13) CA1.4 Comprobáronse as características propias de intranet e extranet.

(MP0931\_33) CA1.4 Utilizáronse aplicacións específicas de emisión de facturas electrónicas.

(MP0931\_23) CA1.5 Establecéronse contactos sobre temas concretos a través de blogs temáticos de contido profesional.

(MP0931\_33) CA1.5 Utilizáronse ferramentas comúns en internet relativas á relación da empresa con organismos públicos e outras entidades.

(MP0931\_23) CA1.6 Efectuáronse comunicacións, publicidade e vendas con outras persoas usuarias da rede a través de redes sociais.

(MP0931\_13) CA1.6 Realizáronse procuras selectivas de información mediante aplicacións específicas.

(MP0931\_33) CA1.6 Probáronse ferramentas de tipo xeneralista que se utilizan na rede.

(MP0931\_23) CA1.7 Xeráronse contidos audiovisuais e fotográficos da actividade, os produtos e os procesos comerciais.

(MP0931\_13) CA1.7 Utilizáronse buscadores especializados por temas e outras aplicacións de procura avanzada.

(MP0931\_23) CA2.2 Defíníronse os procesos de posicionamento e márketing en liña.

(MP0931\_13) CA2.2 Utilizouse o correo electrónico directamente desde a web.

(MP0931\_13) CA2.3 Utilizáronse programas de cliente de correo electrónico para xestionar o envío e a recepción de mensaxes.

(MP0931\_33) CA2.4 Deseñouse unha tenda virtual.

(MP0931\_33) CA2.5 Planificouse a xestión dos pedidos recibidos e todo o proceso loxístico.

**Cráterios de avaliación do currículo**

(MP0931\_13) CA2.5 Compartíronse ficheiros a través dunha rede de computadores entre iguais (peer to peer P2P).

(MP0931\_23) CA2.6 Realizáronse as tarefas necesarias para xestionar e fidelizar a clientela a través da rede.

(MP0931\_13) CA2.6 Descargouse software de balde con limitacións de tempo de uso e sen elas.

(MP0931\_23) CA2.7 Identificáronse as novas tendencias de comunicación e relación coa clientela no márketing dixital.

(MP0931\_13) CA2.7 Realizáronse descargas de vídeos, música, videoxogos, etc.

(MP0931\_33) CA2.7 Establecéronse os medios de pagamento que se vaian utilizar.

(MP0931\_23) CA2.8 Realizáronse accións de márketing efectuadas a través de dispositivos móbiles.

(MP0931\_13) CA3.2 Utilizáronse programas comerciais que permitan crear de xeito sinxelo os ficheiros que compoñen as páxinas web.

(MP0931\_13) CA3.3 Rexistrouse o enderezo de páxinas web con dominio propio ou con aloxamento de balde.

(MP0931\_13) CA3.4 Enviáronse ao servidor de internet ficheiros web creados mediante programas especializados nesta tarefa.

(MP0931\_13) CA3.5 Utilizáronse programas específicos de inclusión de textos, imaxes e son.

(MP0931\_13) CA3.6 Construíuse unha web eficiente para o comercio electrónico.

(MP0931\_13) CA3.7 Inclúronse na web ligazóns de interese capaces de xerar tráfico orientado e interesado no que se ofrece.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Todos os elementos curriculares (resultados de aprendizaxes, criterios de avaliación e bloques de contidos asociados) deste módulo son mínimos exixibles e poden ser preguntados en calquera das partes da proba.

Para obter unha avaliación positiva é preciso superar cada unha das partes con 5 puntos sobre 10 como mínimo.

A cualificación final realizarase mediante a media aritmética das dúas cualificacións, teórica e práctica, sempre que se superen as dúas partes da proba.

O enunciado da proba conerá unha cabeceira coa información do tipo de proba (por exemplo: parte teórica proba libre) a data de realización e aquelas cuestións que se consideren precisas para un bo desenvolvemento das mesmas (normas de actuación, material a utilizar, tempo máximo de duración, etc...).

Todas as partes da proba especificarán en cada cuestión a desenvolver, a puntuación máxima que se obterá.

Primeira parte da proba. Parte teórica:

Conerá un número significativo de cuestións dos RAs correspondentes aos contidos teóricos do módulo que acredite o coñecemento dos mesmos divididos en cuestións a desenvolver e/ou cuestións tipo test:

- As cuestións a desenvolver se corruxirán seguindo un padrón de corrección onde a cualificación valorarase do seguinte xeito: pregunta completa 100% da cualificación, pregunta case completa 75% da cualificación, pregunta aceptable (mínimo) 50% da cualificación, pregunta incompleta 25% da cualificación, pregunta moi incompleta 5% da cualificación.
- As cuestións tipo test valerán cada unha 10 dividido polo número delas. As cuestións mal respondidas penalizarán e o xeito de penalización estará explicado no enunciado desta parte da proba.
- Se houberse dos dous tipos de cuestións na parte teórica da proba, ponderarían do seguinte xeito: 60% cuestións a desenvolver e 40% tipo test. Se só houberse dun tipo de cuestións primarían as cuestións a desenvolver cun 100% da cualificación segundo o resultado da corrección.

Segunda parte da proba. Parte práctica:

Conerá un número significativo de cuestións dos RAs correspondentes aos contidos prácticos do módulo que acredite o coñecemento dos mesmos divididos en exercicios prácticos de varios tipos.

- Os cálculos serán corruxidos seguindo padróns de corrección e listas de cotexo onde se incluírán as secuencias dos cálculos e a súa valoración para obter o total da cualificación.
- No resto de cuestións prácticas se darán instrucións sobre os apartados a desenvolver e a cualificación de cada un deles. Serán corruxidos cunha rúbrica adaptada a cada cuestión concreta cos seguintes niveis de logro: completo/excelente 100% da cualificación do indicador de que se trate; case completo/bo 75%; aceptable (mínimo) 50% e insuficiente do 0% ao 40%.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Constará de 10 preguntas a desenvolver e/ou dun número significativo de cuestións tipo test sobre os contidos teóricos do módulo que constan nas unidades formativas do mesmo :

- A comunicación dixital
- A rede social e o plan de marketing dixital.
- Administración e política comercial no comercio dixital

Debe obterse un 5 como nota mínima para facer media ca 2ª parte da proba.



Valorarase de 0 a 10 e formará parte do 40% da nota final.

#### 4.b) Segunda parte da proba

Constará de 10 casos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte e que constan nas unidades formativas do mesmo :

- A comunicación dixital
- A rede social e o plan de marketing dixital.
- Administración e política comercial no comercio dixital

Esta segunda parte da proba será puntuada de cero a dez puntos.

Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos e formará parte do 60% restante da nota final.